

## **Convocatoria da Sesión Ordinaria do Pleno Municipal para o 7 de setembro de 2020 (PLENO 8/2020)**

Conforme ó ordenado pola Alcaldía por Resolución 2067/2020 de 2 de setembro e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión Ordinaria do Pleno** que terá lugar no Sala de sesións do concello de Carballo o **día 7 de setembro de 2020 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Asi mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícase que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

**Sesión de:** Pleno  
**Convocatoria:** Sesión 8/2020

**Data da sesión:** 07-09-2020  
**Hora:** 20:30 h.

### **1.- Acta da sesión anterior (27/07/2020). Aprobación.**

**2.- Bonificación ICIO, IBIU e IAE, por fomento do emprego, construción de nave destinada a carpintería metálica na rúa Titanio, parcela C-36, do Polígono Industrial de Bértoa. (CIFECRIC do 01/09/2020)**

**3.- Bonificación ICIO, IBIU e IAE, por fomento do emprego, construción de nave destinada a resguardo de camiós de bombeo, na rúa Granito, parcela A-3 do Polígono Industrial de Bértoa. (CIFECRIC do 01/09/2020)**

**4.- Contrato de xestión do servizo público, baixo a modalidade de concesión, que ten por obxecto a recollida de lixo, transporte, punto limpo e canceira do Concello de Carballo (SEP 01/2012). Modificación nº 6, revisión de prezos. (CIFECRIC do 01/09/2020)**

**5.- Sinalización de dous días de festa, de carácter retribuído e non recuperable, no termo municipal de Carballo para o ano 2021. Aprobación. (CIBPS do 01/09/2020)**

**6.- Moción do grupo municipal do BNG, rexistro de entrada nº 4905/2020 de 26 de agosto, sobre o protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-2021. Aprobación. (CIBPS do 01/09/2020)**

### **7.- Seguimento de órganos de goberno:**

7.1.- Informe de intervención e tesourería do cumprimento da Lei 15/2010, do 5 de xullo, que modifica a Lei 3/2004, do 29 de decembro, de medidas contra a morosidade, relativo ao segundo trimestre de 2020. Toma de coñecemento.

7.2.- Información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde MAP/2105/2012, do 1 de outubro. Execución do segundo trimestre de 2020. Toma de coñecemento

7.3.- Resolucións da Alcaldía.

7.4.- Acordos da Xunta de Goberno Local

7.5.- Rogos e preguntas

**CONCELLO DE CARBALLO**  
C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2020/G010/000008

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, no seu caso, sírvase asinar a presente.

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

O Secretario  
D. José Villán Fuertes